



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Oscar Rubiños López
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
D^a. Silvia Bermúdez Pérez
D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Victor Cardador González
D^a. Mercedes Cendón Falque
D. Eusebio Corbacho Rosas
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Cruz
D^a. Ángeles Filgueira Pérez
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. José M^a. Gil Villanueva
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D^a. M^a Teresa Iglesias Randulfe
D. José Luis Legido Soto
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a. Ascensión Muñoz del Barrio
D. Luis Ortiz Torres
D. Antonio Pena Giménez
D. Alberto Pena Rodríguez
D. Cándido Pérez Betanzos
D^a. M^a. José Roca Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Patricio Sánchez Bello
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
D. Rafael Sanz Domínguez
D. José Tojo Suárez
D. Manuel Varela Lafuente
D. Manuel Velasco Graña
D. Federico Vilas Martín
DESCULPA A ASISTENCIA

D^a Julia de la Montaña Miguélez
D. Iago Soto Mata

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vinteún de marzo de dous mil dous, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

O xoves, **día 21 de marzo de 2002**, ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27-2-2002).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Proposta de normas xerais para as eleccións de representantes no Claustro Constituínte, de Rector e outros órganos de goberno e representación.
- 4.- Calendario escolar do curso 2002-2003.
- 5.- Presentación da Memoria da Oficina de I+D.
- 6.- Modificación puntual das Normas de Xestión Académica (artigo 12.6)
- 7.- Solicitude, se procede, das seguintes titulacións: Enxeñería Biomédica (2º ciclo) e Licenciatura en Biotecnoloxía (2º ciclo).
- 8.- Ratificación, se procede, da Normativa de Préstamo da Biblioteca Universitaria aprobada pola Comisión de Biblioteca.
- 9.- Asuntos de profesorado: visitantes.
- 10.- Proposta de división do Departamento de Matemática Aplicada e proposta de adscripción provisional da área 105 (Comunicación Audiovisual e Publicidade) ó Departamento de Dereito Público Especial .
- 11.- Encargo de docencia das materias de Fisioloxía Humana I, Fisioloxía Humana II, Fisioloxía do Exercicio e Valoración Funcional Deportiva da Titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- 12.-Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director do Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- 13.- Toma de acordo ante o recurso de reposición presentado por D. Jorge Rubén Sampedro García contra o acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2002 sobre Premios Extraordinarios Fin de Carreira.
- 14.- Rogos e preguntas.

Punto 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27-2-2002).

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informou da publicación no DOG do decreto de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e do nomemanto do profesor Don Javier de Vicente Remesal como decano-comisario da mesma. As súas competencias como Vicerrector de Profesorado foron asumidas polo Vicerrector de Organización Académica.

Tamén informou da xuntanza do Consello Universitario de Galicia na que se trataron temas relativos ó proxecto de lei de Consellos Sociais e ó Decreto de Profesorado.

Por último, o Vicerrector de Docencia e Alumnado presentou un informe no que se analiza o proceso de avaliación curricular dende a súa implantación (anexo I).

Punto 3. Proposta de normas xerais para as eleccións de representantes no Claustro Constituínte, de Rector e outros órganos de goberno e representación.

Antes de entrar no debate da proposta presentada, elaborada pola Comisión elixida na anterior Xunta de Goberno, a Sra. Irene Delgado,(invitada nesta sesión) da lectura a un manifesto no que reclama a insubmisión á LOU consonte os acordos das asembleas de estudantes de varios centros. Insiste en que as decisións das asembleas non queda reflectida nos órganos de goberno, Varios membros da Xunta de Goberno tomaron a palabra a continuación defendendo os acordos asumidos no seu día polo Claustro e manifestando que a insubmisión podería levar á universidade a unha situación de vacío legal na que Xunta de Galicia terminaría por facer os Estatutos da Universidade de Vigo.

A continuación, o Rector pregunta á Xunta de Goberno se se entra na normativa electoral ou alguén defende a postura de insubmisión. Non habendo ningún membro da Xunta de Goberno que defenda esta última postura, comézase o debate do punto 3.

O apartado C relativo a “ outros órganos de goberno e representación” apróbase por asentimento, unha vez aceptada a substitución de “ en aplicación” por “ en virtude” proposta polo profesor Santamaría.

Nos apartados A e B, o Rector indica que a proposta foi aprobada por unanimidade agás as porcentaxes de representación e ponderación dos diferentes sectores, que se deixan para a Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho considera escasa a representatividade do sector B (outro persoal docente e investigador), que é dun 9%, considerando a posibilidade de que sexa dun 12 %, quitando un 2% ós estudantes e un 1% ó PAS. Tamén considera a posibilidade de dividir ó PAS en dous sectores (funcionarios e laborais) ou cando menos garantir unha representación para cada un deles.

O profesor Sánchez Bello tamén cre oportuno aumentar a porcentaxe do sector B e fai a seguinte proposta : sector A - 51%, sector B - 21%, sector C - 21% e sector D-7%.

O profesor Gutiérrez Nieto tamén opina que o colectivo de profesores contratados está mal representado.

O profesor Mazaira di que a Lei non divide ó PAS en dous subsectores pero si divide ó profesorado. Opina que o profesorado contratado é o mais feble e o que está claramente mal representado. O que se precisa é un debate sobre as distintas problemáticas que afectan a este tipo de profesores.

Os Sres. Pérez Betanzos e Velasco defenden a representación actual: 60% (51 %+ 9%), 30%, 10% e non consideran oportuna a división do PAS en funcionarios e laborales.

A Sra. Bermúdez opina que o mandato do Claustro é “ non afastarse dos Estatutos” e que o debate sobre un cambio nas porcentaxes de representación terá que darse no Claustro Constituínte, cando se elaboren os novos Estatutos.

Os profesores Durany e Membiela comparten a opinión anterior, engadindo que o debate no tema de profesorado é mais profundo e ten que contemplar o tema dos asociados a tempo parcial, a tempo completo, os TEU, etc.

O profesor Santamaría fai unha intervención neste punto que se recolle no anexo II.

O profesor Candelas lamenta que suscite tanto problema propor variacións nas porcentaxes.

Os profesores R. Berrocal e Tojo din que , independentemente de que o tema teña que debatirse no Claustro Constituínte, a Xunta de Goberno ten a obriga de debatir. Opinan que a representatividade do sector B ten que ser mais grande e que podería estudiarse a posibilidade de garantir unha representatividade para os estudantes de 3º ciclo.

A continuación sométese a votación o tema das porcentaxes de representación:

1ª proposta: non afastarse dos actuais Estatutos	23 votos
2ª proposta: estudar alguna variación	9 votos
abstencións	3

Apróbase a primeira proposta, quedando, pois as porcentaxes como segue:

Sector A: 51%
Sector B: 9%
Sector C: 30%
Sector D: 10%

Éntrase a analizar o documento proposto:

O profesor Santamaría fai unha intervención relativa o financiamento que se recolle no anexo II.

En relación co apoio que a institución aporta ós candidatos a Rector e despois das intervencións de varios membros da Xunta de Goberno modifícase o punto B.5, acordándose que os candidatos reciban, ademais do apoio institucional e loxístico, unha cantidade máxima de 3000 euros, xustificada adecuadamente, e da que se dará conta á Xunta de Goberno.

No que atinxe o calendario acórdase ampliar ata o 8 de abril o prazo de reclamacións ós censos provisionais.

A proposta final queda aprobada por asentimento (anexo III).

Punto 4. Calendario escolar do curso 2002-2003

Apróbase por asentimento (anexo IV).

Punto 5. Presentación da Memoria da Oficina de I+D.

O Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía resume os aspectos mais salientables da memoria de I+D.

Punto 6. Modificación puntual das Normas de Xestión Académica (artigo 12.6)

O Vicerrector de Docencia e Alumnado explica que se trata dunha cuestión técnica derivada da posta en marcha da normativa de permanencia.

Apróbase por asentimento. (anexo V).

Punto 7. Solicitud, se procede, das seguintes titulacións: Enxeñería Biomédica (2º ciclo) e Licenciatura en Biotecnoloxía (2º ciclo).

O Rector explica que estas titulacións van ser aprobadas no Consejo de Universidades do mes de Abril. A proposta é que a Xunta de Goberno aprobe a súa solicitude e que se transmitan a través do Consello Social.

O profesor Santamaría apoia expresamente estas propostas.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Ratificación, se procede, da Normativa de Préstamo da Biblioteca Universitaria aprobada pola Comisión de Biblioteca

O Vicerrector de Investigación fai un breve resumo desta normativa que está pendente da súa ratificación pola Xunta de Goberno.

A Sra. Muñoz di que hai varias cuestións técnicas que hai que corrixir no programa informático correspondente.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II.

Sométese o punto a votación:

A favor	15 votos
En contra	3 votos
Abstencións	2

Apróbase. (anexo VI).

Punto 9. Asuntos de profesorado:

-visitantes-

-Don Ángel Sebastián Comesaña Calvo, coa categoría de TIT-UN, desde 22 de marzo de 2002 ó 12 de xuño de 2002, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.

- Don Bernardo Prieto Gutiérrez, coa categoría de TIT-UN, desde 22 de marzo de 2002 ó 30 de setembro de 2002, no Departamento de Enxeñería Química.

-transformacións-

H03	370	XOSÉ MANUEL LÓPEZ LÓPEZ	DE ASO T3P6 A ASO T3P3
T06	295	ELENA M. ALONSO PRIETO	DE PP1 A PP2
T13	560	REBECA PILAR DIAZ REDONDO	DE PP1 A TIT-UN interino
T14	800	ANTONIO JOSÉ CARDENAL LÓPEZ	DE PP1 A PP2
T14	800	MIGUEL ANTONIO PROL RODRÍGUEZ	DE PP1 A PP2
T15	570	CARLOS HERNÁN FAJARDO TORO	DE T3P6 A PP1 (visitante)
X08	415	Mª DOLORES FERRERO MARTÍNEZ	DE ASO T2-TC A PP2

-permisos-

Don Jesús González Maestro de 01-10-2002 a 30-12-2002

Don Arturo Leyte Coello de 01-04-2002 a 30-06-2002

Apróbanse por asentimento.

Punto 10 . Proposta de división do Departamento de Matemática Aplicada e proposta de adscripción provisional da área 105 (Comunicación Audiovisual e Publicidade) ó Departamento de Dereito Público Especial

a) Proposta de adscripción provisional

O Vicerrector de Organización Académica informa de que nun escrito asinado por 11 profesores da área 105 (Comunicación Audiovisual e Publicidade) se solicita esta adscripción provisional, que foi xa aceptada no Consello de Departamento de Dereito Público Especial (anexo VII).

O profesor Santamaría fai unha intervención relativa ó punto 10 que se recolle no anexo II.

O profesor Mazaira, membro da COAV, di que a unidade é a área, que o Departamento proposto (Dereito Publico Especial) é do mesmo ámbito que o de partida (Psicoloxía Evolutiva e Comunicación) e que a COAV aprobou esta proposta.

O Sr. Velasco opina que falta motivación é que non hai que dividir cada vez que haxa un problema.

O Rector di que leva anos recibindo queixas que manifestan a mala convivencia no departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, que hai que tratar de que os integrantes das áreas desenvolvan ben as súas tarefas e que non é preciso esperar un informe favorable do Departamento de saída. O escrito foi asinado por 11 profesores da área 105 e que é bo que se poida dar unha solución excepcional a un problema excepcional.

O profesor Gómez Gude, Director do Departameto de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación manifesta a súa disconformidade con que esta área se separe do Departamento. Opina que non se escoita a tódalas partes e di que o Departamento non informou.

O profesor Legido entende o problema, pero opina que se podería mellorar o procedemento.

O Vicerrector de Organización Académica le o artigo 8.3 do regulamento de Departamentos (informe do Departamento de Dereito Público Especial) polo que o informe do Departamento de saída non é preceptivo.

Sométese a proposta a votación:

A Favor	22 votos
En contra	0 votos
Abstencións	5

Apróbase.

b)Proposta de división do Departamento de Matemática Aplicada.

A proposta enmárcase na programación plurianual, foi aprobada por unanimidade no Consello de Departamento de Matemática Aplicada e contempla o reparto da docencia que ten encargada (anexo VIII).

A COAV propón que as futuras redistribucións da docencia sexan repartidas equitativamente e que non haxa coste de contratación de novo profesorado.

Apróbase por asentimento.

Punto 11 . Encargo de docencia das materias de Fisioloxía Humana I, Fisioloxía Humana II, Fisioloxía do Exercicio e Valoración Funcional Deportiva da Titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

En primeiro lugar intervéñ a profesora Martínez Vidal, en representación da área de Educación Física quen expón unha serie de argumentos a favor de que as devanditas materias se manteñan nesa área.

A Sra. Filgueira transmite queixas de estudantes da titulación coa docencia da materia Fisioloxía Humana e se manifesta en contra de que toda a docencia da titulación se concentre nunha mesma área.

O profesor Mallo Ferrer, en representación da área de Fisioloxía expón argumentos a favor de que as materias de Fisioloxía sexan encargadas a área de Fisioloxía.

A profesora Alonso Escontrela propón que as áreas cheguen a un acordo.

O profesor Mazaira di que se hai un cambio de adscripción deber ser sen coste e non debe computarse para prazas consolidables nos 2 cursos vindeiros.

Por último, o Rector di que despois de escoitar todas as intervencións, considera que debe intentarse chegar a un consenso, non tomándose ningún acordo nesta Xunta de Goberno.

Punto 12. Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director do Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

Non habendo candidatos a Director do Departamento de Estatística e Investigación Operativa e escoitado o Consello de Departamento (artigo 104 dos Estatutos), acórdase por asentimento utilizar criterios de categoría, antigüidade e idade para o nomeamento de Director en funcións.

Punto 13. Toma de acordo ante o recurso de reposición presentado por D. Jorge Rubén Sampedro García contra o acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2002 sobre Premios Extraordinarios Fin de Carreira

Según o regulamento de premios Fin de Carreira , no cálculo da nota media do expediente interveñen ó número de convocatorias empregadas en cada materia. . O Sr. Sampedro calcula incorrectamente o seu expediente por non ter en conta tódalas convocatorias utilizadas. Aplicando correctamente a normativa, o seu expediente non chega a 2,5, nota esixida para premio extraordinario.

Acórdase por asentimento, desestimar o recurso presentado.

Punto 14. Rogos e preguntas

A profesora Alonso Escontrela pregunta polo concurso do edificio de Ciencias da Educación de Pontevedra.

A Sra. Corbacho manifesta as súas queixas pola actuación do Servicio de Deportes na final do torneo de fútbol-sala.

O Sr. Garrido roga ó Rector que interpele ó Vicerrector de Organización Académica polo seu proceder na sesión da COAV, que tivo que abandonar por permitir o Vicerrector fumar durante a mesma.

O profesor Sánchez Bello pregunta polo posible uso para actividades universitarias do edificio da ETEA e soliticta información sobe a posible venta ou cesión do Edificio do Rectorado .

O Sr. Fernández Cruz pregunta polas funcións das salas de estudio no edificio de Ciencias da Educación de Pontevedra.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:00 horas do día 21 de marzo de 2002, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo